

BASES PORRIGALIA 2017

O PORRIÑO

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS A COMPARSAS E ASOCIACIONES CULTURAES E VECIÑAES DO PORRIÑO POR PARTICIPACIÓN NA CELEBRACIÓN DA FESTA PORRIGALIA 2017.

As presentes bases que rexirán a convocatoria do concurso de comparsas e coplas estarán suxeitas á Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, RD. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aprobar o regulamento da devandita lei e demais normativa de aplicación.

BASES

1.—Requisitos xeraes

a) Neste desfile poderán inscribirse todas aquelas comparsas e asociacións culturais e veciñaes do Porriño e outros concellos integradas por un mínimo de 10 compoñentes para optar o premio por participación establecido para cada modalidade.

Modalidade: Unha única modalidade, formada por colectivo infantil como de adultos.

b) As inscricións presentaránse na primeira planta do Centro Cultural Municipal do Porriño, en impreso normalizado para esta finalidade.

Plazo: Dende o luns 10 de xullo ata o día martes 18 de xullo, de luns a venres en horario de 14:00 h ata 18:30 h. o prazo de inscricións rematará unha vez chegado o límite do orzamento destinado á organización da festa Porrigalia. Terán preferencia sempre as agrupacións do Concello do Porriño que poderán formalizar a súa inscrición entre os días 10 e 14 de xullo. As comparsas de fora do Concello contarán, dende o venres día 14 de xullo ata o martes día 18 de xullo, no mesmo horario.

As inscricións presentadas fora de dito orzamento, non poderán optar aos premios de participación.

c) Documentación necesaria e de carácter obrigatorio **para novas agrupacións** as demais non terán que facelo .

c.1) Fotocopia do cif da asociación

c.2) Declaración responsable asinada polo presidente da asociación de cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

c.3) Certificado orixinal de conta bancaria da asociación.

c.4) **Prohibido Vehículos:** Excepto cuadrigas, ou carros da época.

c.5) **Prohibido o uso de animaes**

2.—Obrigas para as comparsas e a asociacións

As comparsas que aspiren ao premio de participación teñen a obriga de estar inscritas e participar como mínimo no desfile do domingo 23 de xullo ás 12h dende plaza San Sebastian ata plaza A. Antonio Palacios Asi mesmo Terán a obriga de participar nos xogos olímpicos dos días 22 e 23 de xullo nos horarios establecidos para esto e como minimo de componentes por grupo 10.

3.—Desenvolvemento do desfile

3.1.—Porrigalia

Todas aquelas comparsas que non sexan puntuadas pasarán ao derradeiro posto sen perturbar a orden do desfile

3.2.— Civilizacións

Exipcios, gregos, castrexos, romanos e galos. Unha vez escollida a civilización cada agrupación distinguiráse pola mesma tanto no desfile como nos xogos olímpicos competitivos onde haberá que participar de forma obligatoria, como mínimo 10 persoas por cada categoría . É obligatoria a vestimenta CONTEXTUALIAZA na civilización escollida..

3.3.—Orden das comparsas

Cada agrupación terá un distintivo con seu nome, número de orde e número de compoñentes. Será motivo de descalificación aquelas comparsas que non cumpran estas normas.

4.----Xogos olímpicos o sábado 22 ás 16h e domingo dia 23 ás 17h

1º tiro de corda

2º tragabolas

3º cuádrigas

4º tres en raia

5º canasta

6º tiro

7º esquís comunitarios

8º tiratacos

4.1- Plego de explicacións de cada xogo

Xunto a inscrición endosaráse o plego das explicacións referentes a cada xogo e como é a súa posta en práctica.

5.—Comité de observación:

5.1-Este comité de observación terá competencias para a valoración das inscricións realizadas polas asociacións, cumprimento da documentación esixida, desenvolvemento do desfile, descalificacións e asignación de premios. o fallo emitido por este Comité adoptará a forma de proposta , resolvéndose mediante resolución polo Alcalde/sa.

6.—Premios:

6.1

a) Por N° de compoñentes:

De 10 a 19 compoñentes.....	200,00 €
De 20 a 39 compoñentes.....	350,00 €
De 40 a 55 compoñentes.....	600,00 €
De 56 ate 80 compoñentes.....	800,00 €

6.2.—A cantidade a repartir por premios acadará un orzamento máximo de **6000€** con cargo á aplicación orzamentaria 338.48100. o premio á participación según n° de compoñentes repartiránse ata acadar esta cifra e por riguroso orden de inscrición. As comparsas que desexen participar en Porrigalia, fora do orzamento, poderán inscribirse sen opción a premio de participación.

6.3.—O feito de participar supón a plena aceptación das presentes bases. o incumprimento de calquera das presentes cláusulas dará lugar á perda do dereito de cobro dos premios.

7.—Estas bases serán publicadas en medios de comunicación para xeral coñecemento.

No Porriño a 29 de maio de 2017.—